



III CONCURSO DE DIRECCIÓN ORQUESTRAL “REVERIANO SOUTULLO”

Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, co apoio institucional do Concello de Santiago de Compostela a través da Concellería de Acción Cultural, convoca o III Concurso de Dirección Orquestral "Reveriano Soutullo". Este certame ten como obxectivo achegar a nosa agrupación ao ámbito da dirección musical, creando novas oportunidades de contacto e práctica cunha banda profesional.

Nesta terceira edición, o concurso rende homenaxe ao compositor galego Reveriano Soutullo, abordando dúas das súas obras en versión para banda. Este enfoque busca promover a música sinfónica escrita para banda dentro do repertorio clásico. Ademais, co propósito de divulgar e dar visibilidade ao noso patrimonio musical, o repertorio do concurso incluírá obras do repertorio contemporáneo galego, especificamente creadas para o cadro organolóxico da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

Como parte do concurso, celebraranse **unha conferencia e dous obradoiros teórico-prácticos**, abertos a todas as persoas participantes. A **conferencia** afondará en aspectos relevantes da vida e obra de Reveriano Soutullo. Estas sesións ofrecerán unha visión detallada do seu legado e da súa influencia na música galega. Pola súa banda, os **obradoiros teórico-prácticos** estarán centrados na **dirección musical** e no **repertorio sinfónico de banda**, permitindo ás persoas participantes afondar na interpretación das súas obras e mellorar as súas habilidades na dirección. Serán unha oportunidade única para reflexionar sobre o legado de Soutullo e enriquecer a experiencia das persoas participantes, adquirindo un coñecemento máis profundo tanto da súa música como da práctica da dirección sinfónica para banda.

- Profesorado convidado:

Javier Jurado (Catedrático de Historia da Música no Conservatorio Superior de Música de Vigo).

Juan José Ocón (Director de Orquestra e Banda).

- Coordinación e dirección:

Casiano Mouriño Maquieira (Director da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela).

BASES DO CONCURSO

1. **Ser maior de idade** (18 anos ou máis) o día de inicio do III Concurso de Dirección Orquestral "Reveriano Soutullo".
2. **Formalizar a solicitude dentro do prazo de inscrición**, axuntando a documentación requirida debidamente cumprimentada.
3. **Seleccionaranse 10 persoas candidatas** de entre as solicitudes presentadas en prazo para participar no concurso. A listaxe de persoas seleccionadas comunicárase por correo electrónico a todos os solicitantes na data de publicación.
4. As 10 persoas seleccionadas deberán **confirmar a súa asistencia e participación** dentro do prazo establecido para a confirmación.
5. **Crearase unha listaxe de reserva** coas persoas non seleccionadas inicialmente, que poderán ser convocadas no caso de renuncia ou cancelación de calquera persoa seleccionada.
6. As persoas non seleccionadas para participar no III Concurso de Dirección Orquestral "Reveriano Soutullo" **poderán asistir como oíntes** a conferencia e obradoiros programados, así como a todas as fases do concurso na Sala Mozart do Auditorio de Galicia.
7. As persoas seleccionadas que non se presenten ao concurso despois de confirmar a súa asistencia dentro do prazo establecido serán **penalizadas**, quedando **excluídas das cinco edicións seguintes do concurso**.

PRAZOS E LUGAR

- **Prazo de inscrición:** do 7 ao 31 de xaneiro de 2025.
- **Data da publicación das persoas candidatas seleccionadas:** 6 de febreiro de 2025.
- **Prazo de confirmación de asistencia e participación:** do 7 ao 11 de febreiro de 2025.
- **Data do concurso:** do 11 ao 16 de marzo de 2025.

Lugar: Auditorio de Galicia e Teatro Principal (Santiago de Compostela, A Coruña).

Agrupación intérprete: Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela.

INSCRICIÓN

Enviar a solicitude dentro do prazo de inscrición ao seguinte enderezo electrónico:

cmourinom@santiagodecompostela.gal

Coa solicitude, será **obligatorio** axuntar a seguinte documentación:

1. **Formulario de inscrición** (ANEXO I).
2. **Fotocopia do DNI ou pasaporte** en formato PDF ou JPG.
3. **Currículo académico- profesional** en formato PDF.
4. **Vídeo de dirección** dunha duración entre 5 e 10 minutos, dirixindo calquera tipo de agrupación musical. O vídeo deberá enviarse a través dun enlace válido (YouTube, WeTransfer ou Google Drive).

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Proceso de selección de candidaturas

Das solicitudes recibidas no prazo de inscrición, e tras valorar os currículos e vídeos enviados, a Dirección Artística da BMSC seleccionará a 10 persoas candidatas para o III Concurso de Dirección Orquestral "Reveriano Soutullo". As partituras das obras serán enviadas por correo electrónico en formato PDF as persoas seleccionadas, unha vez confirmada a súa asistencia e participación no concurso.

Asemade, establecerase unha listaxe de reservas, que poderá ser convocada para substituír a algunha das 10 persoas seleccionadas en caso de baixa.

Proceso de votación por fases

O proceso de votación desenvolverase en varias fases e estará a cargo dun xurado composto polo profesorado e polo director da Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela. Cada fase permitirá reducir o número de persoas participantes para outorgar os premios 1º, 2º e 3º, garantindo unha avaliación detallada e exhaustiva de cada unha delas.

FASE I: Avaliación inicial

- Profesorado da BMSC:
 - Cada profesor/a poderá votar a favor dun **máximo de 6 persoas** para pasar á seguinte fase, **sumando 1 punto a cada persoa elixida**.
- Director da BMSC:
 - Unicamente en caso de empate, o director da BMSC participará na votación para resolver o desempate.
- **Resultado final:**
 - Pasarán a seguinte fase as **6 persoas** que obteñan **maior puntuación**.

FASE II: Semifinal

- Profesorado da BMSC:
 - Cada profesor/a poderá votar a favor dun **máximo de 3 persoas** para pasar á seguinte fase, **sumando 1 punto a cada persoa elixida**.
- Director da BMSC:
 - Unicamente en caso de empate, o director da BMSC participará na votación para resolver o desempate.
- **Resultado final:**
 - Pasan a seguinte fase as **3 persoas** que obteñan **maior puntuación**.

FASE III: Final

- Profesorado da BMSC:
 - Cada profesor/a poderá votar a favor de cada unha das 3 persoas participantes finalistas, **asignando entre 1 e 3 puntos a cada unha**.
- Director da BMSC:
 - Unicamente en caso de empate, o director da BMSC participará na votación para resolver o desempate.
- **Resultado final:**
 - **A suma total das puntuacións obtidas** por cada persoa **determinará os premios do 1º, 2º e 3º posto**.

PREMIOS

En relación á puntuación obtida na Fase III (Final), establécense **os seguintes premios**:

1º PREMIO:

- Diploma certificado de recoñecemento.
- 1.500 € brutos.
- Participación como director/ra convidado/a nun concerto coa BMSC.
 - Data do concerto: A determinar coa Dirección Artística da BMSC, dentro da temporada artística 2025/26.
 - Repertorio: Programa de libre elección, tendo en conta o cadro organolóxico da BMSC. O programa proposto deberá contar tamén coa aprobación da Dirección Artística da BMSC.
 - Os honorarios polos ensaios e o concerto están incluídos no premio económico.

2º PREMIO:

- Diploma certificado de recoñecemento.
- 750 € brutos.
- Participación como director/ra convidado/a nun concerto coa BMSC.
 - Data do concerto: A determinar coa Dirección Artística da BMSC, dentro da temporada artística 2025/26.
 - Repertorio: Programa de libre elección, tendo en conta o cadro organolóxico da BMSC. O programa proposto deberá contar tamén coa aprobación da Dirección Artística da BMSC.
 - Os honorarios polos ensaios e o concerto están incluídos no premio económico.

3º PREMIO:

- Diploma certificado de recoñecemento.
- Estado de reserva para a participación como director/a convidado/a coa BMSC.

REPERTORIO

Repertorio clásico sinfónico

- Percy Grainger: *LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne* (edición de F. Fennell).

Repertorio clásico galego

- Reveriano Soutullo: **SUITE VIGO. Suite sinfónica sobre cantos rexionais galegos** (edición Dos Acordes S. L. / AGADIC) .
- Reveriano Soutullo: **HERMANCE. Serenata romántica para banda** (edición Dos Acordes S. L. / AGADIC).

Repertorio contemporáneo galego

- Adrián García Planells: **CANDO DANZÁBAMOS** (arquivo da BMSC).
- J. Manuel Encinoso: **CAMIÑO DAS ESTRELAS** (arquivo de la BMSC).
- Fernando Buide: **DO GAIÁS AO PEDROSO** (arquivo de la BMSC).

DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO

1. SELECCIÓN DE CANDIDATURAS (PRESELECCIÓN)

Das solicitudes recibidas dentro do prazo de inscrición, e tras a avaliación dos currículos e vídeos presentados, a Dirección Artística da BMSC seleccionará a 10 persoas participantes. A listaxe oficial das 10 persoas seleccionadas publicárase o **6 de febreiro de 2025** e **comunicárase por correo electrónico**.

Ademais, crearase unha listaxe de reserva para cubrir posibles baixas entre as persoas seleccionadas, garantindo así a participación plena no concurso.

2. FASE I (VALORACIÓN INICIAL)

As **10 persoas candidatas**, tras confirmar a súa asistencia e participación no prazo indicado, deberán presentarse na **Sala Circular do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña)** o **martes 11 de marzo de 2025 ás 09:15 h**. Neste encontro realizarase a presentación oficial do concurso e o sorteo da orde de participación na Fase I.

Nesta fase inicial, cada persoa participante deberá demostrar as súas habilidades de dirección nunha **proba dividida en 2 partes**:

1. Dirección ininterrompida do movemento da obra:

- Percy Grainger: **LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne**.

III CONCURSO DE DIRECCIÓN ORQUESTRAL "REVERIANO SOUTULLO"

2. Ensaio dirixido, con 10 minutos dispoñibles, dun movemento seleccionado por sorteo dunha das dúas obras do repertorio clásico galego:

- Reveriano Soutullo: **SUITE VIGO**.
- Reveriano Soutullo: **HERMANCE**.

O proceso de avaliación será levado a cabo polo xurado, composto polo profesorado e o director da BMSC. Este sistema garante unha análise rigurosa, equitativa e detallada de cada interpretación.

Hora	Repertorio	Candidato/a
09:30 h	Sorteo das obras e da orde dos candidatos/as	
10:00 h	P. Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: I. Andante	1
10:15 h	P. Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: II. Lento moderado	2
10:30 h	P. Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: III. Muiñeira	3
10:45 h	P. Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne Reveriano Soutullo: HERMANCE: Serenata	4
11.00 h	P. Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: I. Andante	5
11:15 h	Descanso	
11:45 h	P. Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: II. Lento moderado	6
12:00 h	P. Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: III. Muiñeira	7
12:15 h	P. Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne Reveriano Soutullo: HERMANCE: Serenata	8
12:30 h	P. Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: I. Andante	9
12:45 h	P. Grainger: LINCOLNSHIRE POSY: V. Lord Melbourne Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: II. Lento moderado	10
13:00 h	Votación dos/as profesores/as músicos	
13:30 h	Publicación da listaxe das 6 persoas semifinalistas. Sorteo das obras e da orde de participación na Fase II (Semifinal)	

3. FASE II (SEMIFINAL)

As **6 persoas seleccionadas** para a Fase II (Semifinal) deberán presentarse na **Sala Mozart do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña) o mércores 12 de marzo de 2025 ás 10:00 h.** Nesta fase, cada persoa participante terá a oportunidade de demostrar as súas competencias en dirección a través dun **ensaio intensivo dunha obra do repertorio contemporáneo galego.**

Cada persoa participante deberá interpretar:

1. **Ensaio dirixido durante 25 minutos** dunha das seguintes obras, asignada por sorteo:
 - Adrián García Planells: **CANDO DANZÁBAMOS.**
 - J. Manuel Encinosa: **CAMIÑO DAS ESTRELAS.**
 - Fernando Buide: **DO GAIÁS AO PEDROSO.**

A avaliación será realizada polo xurado, composto polo profesorado e o director da BMSC. O sistema de votación nesta fase permitirá identificar as 3 persoas finalistas, garantindo unha análise rigorosa e detallada das interpretacións. Este formato busca valorar non só a técnica, senón tamén a capacidade de liderar e interpretar obras complexas do repertorio contemporáneo galego.

Hora	Repertorio	Candidato/a
10:00 h	Adrián García Planells: CANDO DANZÁBAMOS	1
10:25 h	Adrián García Planells: CANDO DANZÁBAMOS	2
10:50 h	J. Manuel Encinosa: CAMIÑO DAS ESTRELAS	3
11:15 h	Descanso	
11:45 h	J. Manuel Encinosa: CAMIÑO DAS ESTRELAS	4
12:10 h	Fernando Buide: DO GAIÁS AO PEDROSO	5
12:15 h	Fernando Buide: DO GAIÁS AO PEDROSO	6
13:00 h	Votación dos/as profesores/as músicos	
13:30 h	Publicación da listaxe das 3 persoas finalistas. Sorteo das obras e da orde de participación na Fase III (Final)	

4. FASE III (FINAL)

As **3 persoas seleccionadas** para a Fase III (Final) **deberán presentarse en diferentes localizacións e datas para participar nas 3 probas que compoñen esta etapa final do concurso**. Esta fase supón unha avaliación exhaustiva das capacidades de dirección, traballo co repertorio e preparación para un concerto final.

A fase consta de **3 probas diferenciadas**:

1. **Proba A:** Ensaio I.
 - **Ensaio co repertorio clásico e contemporáneo galego** asignados por sorteo.
2. **Proba B:** Ensaio II.
 - **Ensaio xeral ininterrompido co repertorio completo**.
3. **Proba C:** Proba acústica e concerto.
 - **Proba de son seguida da actuación no concerto final**.

O repertorio que se interpretará no concerto final do concurso será determinado por un **sorteo previo**. Cada persoa seleccionada traballará cunha das obras do repertorio contemporáneo galego, que se asignará ao azar, e **será a mesma obra que dirixirá no concerto final** que se celebrará o **domingo 16 de marzo ás 12:00 h no Teatro Principal (Santiago de Compostela, A Coruña)**.

Estas probas permitirán ao xurado avaliar en profundidade o talento, a preparación técnica e a visión artística de cada finalista.

4.1. PROBA A (ENSAIO I)

As 3 persoas seleccionadas para a Fase III (Final) deberán presentarse na **Sala Mozart do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña) o xoves 13 de marzo de 2025 ás 10:00 h**. Nesta fase, cada persoa terá un tempo de **45 minutos para realizar un ensaio**, ata completar o horario asignado.

O repertorio que se traballará durante esta proba será asignado por sorteo e incluírá as seguintes obras:

Repertorio contemporáneo galego:

- Adrián García Planells: **CANDO DANZÁBAMOS**.

III CONCURSO DE DIRECCIÓN ORQUESTRAL "REVERIANO SOUTULLO"

- J. Manuel Encinoso: **CAMIÑO DAS ESTRELAS**.
- Fernando Buide: **DO GAIÁS AO PEDROSO**.

Repertorio clásico galego:

- Reveriano Soutullo: **SUITE VIGO**

Hora	Repertorio	Candidato/a
10:00 h	Adrián García Planells: CANDO DANZÁBAMOS Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: I. Andante	1
10:45 h	J. Manuel Encinoso: CAMIÑO DAS ESTRELAS Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: II. Lento moderado	2
11:30 h	Descanso	
12:00 h	Fernando Buide: DO GAIÁS AO PEDROSO Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: III. Muiñeira	3

4.2. PROBA B (ENSAIO II)

As **3 persoas seleccionadas** para a Fase III (Final) deberán presentarse na **Sala Mozart do Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña)** o venres **14 de marzo de 2025 ás 10:00 h**. Nesta fase, cada participante terá que **dirixir de forma ininterrompida**, seguindo un **formato de ensaio xeral**, con até 10 minutos adicionais dispoñibles en caso de precisalo para traballar algunha pasaxe específica.

Hora	Repertorio	Candidato/a
10:00 h	Adrián García Planells: CANDO DANZÁBAMOS	1
	J. Manuel Encinoso: CAMIÑO DAS ESTRELAS	2
	Fernando Buide: DO GAIÁS AO PEDROSO	3
	Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: I. Andante	1
	Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: II. Lento moderado	2

III CONCURSO DE DIRECCIÓN ORQUESTRAL "REVERIANO SOUTULLO"

	Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: III. Muiñeira	3
--	--	----------

4.3. PROBA C (PROBA ACÚSTICA E CONCERTO)

As **3 persoas seleccionadas** para a Fase III (Final) deberán presentarse no **Teatro Principal de Santiago de Compostela o domingo 16 de marzo de 2025 ás 10:30 h.** Esta fase consta de 2 partes: a **proba acústica** e o **concerto**.

Proba acústica: Cada candidato/a disporá de 15 minutos para realizar un ensaio e axustar a acústica antes do concerto.

Hora	Repertorio	Candidato/a
10:45 h	Adrián García Planells: CANDO DANZÁBAMOS Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: I. Andante	1
11:00 h	J. Manuel Encinosa: CAMIÑO DAS ESTRELAS Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: II. Lento moderado	2
11:15 h	Fernando Buide: DO GAIÁS AO PEDROSO Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: III. Muiñeira	3
11:30 h	Descanso	

Concerto: Posteriormente a proba, cada persoa dirixirá a obra do repertorio contemporáneo galego asignada. Tras a súa interpretación, o profesorado da BMSC realizará a votación. Durante o recuento das votacións, os finalistas dirixirán o movemento correspondente da obra do repertorio clásico galego (fóra de concurso).

Hora	Repertorio	Candidato/a
12:00 h	Adrián García Planells: CANDO DANZÁBAMOS	1
	J. Manuel Encinosa: CAMIÑO DAS ESTRELAS	2
	Fernando Buide: DO GAIÁS AO PEDROSO	3
	Votación dos/as profesores/as músicos	
	Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: I. Andante	1

III CONCURSO DE DIRECCIÓN ORQUESTAL “REVERIANO SOUTULLO”

	Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: II. Lento moderado	2
	Reveriano Soutullo: SUITE VIGO: III. Muiñeira	3
	Publicación do premio e clausura do concurso	

5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS (CONFERENCIA E OBRADOIROS)

Dentro do programa do concurso, celebraranse **unha conferencia e dous obradoiros teórico-prácticos¹**, abertos a todas as persoas participantes. A continuación, detállanse os títulos, horarios e contidos destas sesións.

Conferencia

Título: “A Suite Vigo de Reveriano Soutullo: A reelaboración temática do folclore como recurso compositivo”.

Data: martes 11 de marzo de 2025.

Horario: 17:00-18:00 h.

Lugar: Sala a determinar no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña).

Obradoiro I

Título: “A dirección musical na Banda”.

Data: mércores 12 de marzo de 2025.

Hora: 17:00-19:30 h.

Lugar: Sala a determinar no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña).

Obradoiro II

Título: “O repertorio sinfónico bandístico”.

Data: xoves 13 de marzo de 2025.

Hora: 17:00-19:30 h.

Lugar: Sala a determinar no Auditorio de Galicia (Santiago de Compostela, A Coruña).

¹ Tanto o profesorado invitado como de coordinación e dirección, estarán dispostos a axudar durante o horario de traballo.

ANEXO I

Formulario de inscripción no **III Concurso de Dirección Orquestral “Reveriano Soutullo”**

Nome e apelidos	
Data de nacemento	
Enderezo postal de residencia	
Enderezo electrónico	
Contacto telefónico	
Documentos adxuntos <i>(sinalar cales envía)</i>	DNI
	Currículo académico
	Currículo profesional
	Vídeo de dirección

Declaración de conformidade:

Lidas as bases, acepto todos os requirimentos e procedementos anteriormente descritos nas bases para o desenvolvemento do III Concurso de Dirección Orquestral “Reveriano Soutullo”, asinando este formulario de inscripción:

Sinatura e data:

ANEXO II

Cadro organolóxico da BMSC

A Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela está configurada cun cadro de 36 profesores/as músicos organizados da seguinte maneira:

- 1 Fruta
- 1 Fruta / Fautín
- 1 Óboe / Corno Inglés
- 1 Requinto
- 9 Clarinetes
- 1 Clarinete Baixo
- 1 Saxo Alto / Soprano
- 1 Saxo Alto
- 1 Saxo Tenor
- 1 Saxo Barítono
- 3 Trompas
- 3 Trompetas / Cornetas / Fliscornos
- 2 Trombóns Tenores
- 1 Trombón Baixo
- 2 Bombardinos
- 2 Tubas
- 4 Percusión